

- Experiencia
- Nivel pedagóxico
- Requisitos de acceso do alumno
 - Nivel académico
 - Técnico
 - Condicións físicas en caso necesario
- Instalacións
- Equipo e material
- Relación secuencial de módulos profesionais. Denominación de módulos secuencializados e pedagoxicamente ordenados.

➔ **Módulos profesionais. Contidos formativos modulares**

Para determinar os contidos formativos de cada módulo seguindo o itinerario modular tiveron que terse en conta, en función do seu obxectivo xeral, os coñecementos teóricos, prácticos e comportamentais, sinalando asemade a dotación necesaria (materiais e medios) para estes; o seu nivel hase de corresponder co nivel de profesionalidade esixido con anterioridade.

➔ **Mapa de cursos. Táboa de confluencias modulares**

Con el pretendeuse dar unha visión xeral do conxunto de cursos, tanto ocupacionais como específicos e transversais, que se derivaron de cada unha das ocupacións das distintas áreas profesionais.

6.3.1. XERENTE FORESTAL

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Xerente forestal(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro
Caza
Produción de planta

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Analizar e avaliar a viabilidade da empresa mediante estudos e previsións que garantan unha toma de decisións e un deseño adaptado ás necesidades empresariais.
	1.2	Dirixir a orientación estratéxica da empresa, para establecer políticas empresariais e garantir así o posicionamento no mercado.
	1.3	Establecer a previsión orzamentaria segundo os obxectivos establecidos e a experiencia acumulada para dispoñer dunha referencia e realizar así o seguimento da actividade.
	1.4	Realizar o control e seguimento da evolución da actividade empresarial.
	1.5	Adequar a infraestrutura empresarial á produción e demanda comercial.

SABER

- ◆ Relación entre produción e tendencias do mercado.
- ◆ Variables intervinientes na actividade empresarial.

- ◆ Coñecementos de xestión empresarial.
- ◆ Formas xurídicas das empresas.
- ◆ Tipos de empresas.
- ◆ Nocións básicas de economía.
- ◆ Xestión e sistemas de contratación de servizos.
- ◆ Lei de prevención de riscos laborais.
- ◆ Coñecementos de medio ambiente e calidade.
- ◆ Coñecementos das necesidades da explotación que xestiona.
- ◆ Técnicas de comunicación e habilidades sociais.
- ◆ Métodos produtivos máis idóneos en cada caso.
- ◆ Repoboacións forestais.
- ◆ Coñecementos informáticos: ofimática, xestión e comunicación.
- ◆ Parámetros e técnicas de produción.
- ◆ Coñecemento e actualización de novas tecnoloxías.

SABER FACER

- ◆ Seleccionar as liñas produtivas en función do saber facer, a experiencia e os imperativos do mercado.
- ◆ Analizar a localización da empresa segundo o prezo do solo, área de influencia potencial, etc.
- ◆ Programar repoboacións forestais.
- ◆ Seleccionar o emprazamento para o asentamento físico da empresa.
- ◆ Identificar a forma de explotación e distributiva adecuada: tipoloxía empresarial, forma xurídica e estrutura organizativa.
- ◆ Dimensionar e caracterizar o equipo humano requirido pola empresa en base aos obxectivos e ao deseño organizativo empresarial.
- ◆ Analizar desviacións e problemáticas da actividade empresarial.
- ◆ Tomar medidas correctoras das desviacións e problemáticas.
- ◆ Valorar e solicitar axudas e/ou subvencións.
- ◆ Aplicar métodos e técnicas encamiñados a aumentar a rendibilidade.
- ◆ Contactar con técnicos e especialistas.
- ◆ Combinar parámetros de produción e técnicas que se deben utilizar.
- ◆ Realizar o seguimento de todos os procesos produtivos dentro da actividade empresarial.
- ◆ Aplicar parámetros de calidade ao proceso produtivo.
- ◆ Seleccionar tecnoloxías limpas.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Método, orde e responsabilidade na planificación e valoración da empresa.
- ◆ Esixencia para o cumprimento de toda a normativa e requisitos nas instalacións da empresa.
- ◆ Ser consciente da infraestrutura necesaria e da que se posúe.
- ◆ Seriedade e atención no control de gastos da empresa.
- ◆ Predisposición para atender e buscar outras valoracións e consellos.
- ◆ Sensibilidade para usar técnicas que abaraten custos.
- ◆ Responsabilidade e seriedade ante a calidade do traballo e da produción.
- ◆ Minuciosidade e atención para realizar previsións.
- ◆ Responsabilidade ante a normativa que haxa que cumprir.
- ◆ Actitude atenta ante cambios e requisitos administrativos das distintas axudas e subvencións.
- ◆ Resposta eficaz a contingencias.
- ◆ Método e orde na realización das tarefas.
- ◆ Autoesixencia no cumprimento das funcións que haxa que desenvolver.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Xerente forestal(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro
Caza
Producción de planta

UNIDADE DE COMPETENCIA	2	Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	2.1	Dirixir a xestión do persoal da empresa no marco das relacións laborais vixentes de acordo coas necesidades previstas e a política de recursos humanos establecida.
	2.2	Coordinar e supervisar o funcionamento do equipo humano.
	2.3	Prever, realizar, controlar e supervisar as operacións de fornecemento de medios e materiais.
	2.4	Planificar, levar a cabo e vixiar as operacións de comercialización dos produtos.
	2.5	Introducir aquelas modificacións e actualizacións empresariais que o proceso produtivo demande.
	2.6	Velar polo bo estado de instalacións, equipos, maquinarias, útiles e todos aqueles instrumentos necesarios para unha correcta aplicación da actividade laboral.

SABER

- ◆ Contabilidade xeral.
- ◆ Técnicas de compravenda.
- ◆ Nocións de mercado e comercialización.
- ◆ Coñecer os factores que inciden na xestión dos recursos humanos, materiais e medios da empresa.
- ◆ Técnicas de comunicación e habilidades sociais.
- ◆ Coñecemento das canles para a distribución no mercado.
- ◆ Marco legal regulador da actividade empresarial.
- ◆ Coñecementos informáticos: ofimática, xestión e comunicación.
- ◆ Plan xeral de contabilidade.
- ◆ Normativa laboral vixente.
- ◆ Coñecer os procesos negociadores e de xestión.
- ◆ Vixiar a saúde dos traballadores e coñecer o custo das enfermidades.
- ◆ Lexislación que regula a prevención de riscos laborais, o medio ambiente e a calidade.
- ◆ Estatuto dos traballadores e convenio colectivo.
- ◆ Técnicas de negociación colectiva.
- ◆ Técnicas de selección de persoal.
- ◆ Habilidades de dirección.
- ◆ Xestión da formación.
- ◆ Xestión administrativa.
- ◆ Estado e rendemento da maquinaria.

- ◆ Nocións de mercadotecnia e publicidade.
- ◆ Control de stocks.

SABER FACER

- ◆ Planificar e distribuír o equipo de traballo.
- ◆ Garantir o adecuado funcionamento técnico da empresa.
- ◆ Clasificar e temporizar tarefas en función do rendemento.
- ◆ Elaborar calendario de operacións en base á carga de traballo.
- ◆ Vixiar a actividade laboral.
- ◆ Organizar o funcionamento administrativo e de tesourería.
- ◆ Velar pola integridade da empresa ante acontecementos imprevistos tanto de carácter natural como intencionado.
- ◆ Verificar puntualmente a adquisición de material, ferramentas...
- ◆ Efectuar pedidos.
- ◆ Establecer vendas.
- ◆ Acudir a poxas públicas.
- ◆ Realizar o seguimento de persoal, maquinaria, medios, materiais, etc.
- ◆ Relacionarse con clientes, provedores, administración, traballadores, etc.
- ◆ Buscar e establecer canles de distribución dos produtos no mercado.
- ◆ Manexar bases de datos, internet e promover unha páxina web.
- ◆ Negociar con provedores e clientes.
- ◆ Utilizar o plan de contabilidade xeral.
- ◆ Buscar fórmulas de redución de custos e procesos.
- ◆ Realizar o cálculo de custos.
- ◆ Xestionar a formación dos traballadores.
- ◆ Utilizar documentos administrativos.
- ◆ Supervisar o correcto estado da maquinaria e proporcionar os medios para iso.
- ◆ Facer que se cumpran os calendarios de mantemento.
- ◆ Manter reunións periódicas cos traballadores.
- ◆ Atender peticións, suxestións e queixas do persoal.
- ◆ Seleccionar persoal.
- ◆ Controlar stocks.
- ◆ Elaborar informes.
- ◆ Crear bases con información de interese e utilidade de provedores, clientes, organismos, etc.
- ◆ Planificar tarefas e valorar cadro de persoal e rendemento.
- ◆ Deseñar arquivos para rexistrar incidencias.
- ◆ Manter actualizados os rexistros para rastrexar o historial da empresa.
- ◆ Controlar a realización de tarefas, a evolución do seu desenvolvemento, así como as aptitudes e as capacidades dos traballadores no seu quefacer laboral.
- ◆ Coordinar a actuación dos traballadores.
- ◆ Despachar correspondencia.
- ◆ Supervisar libros de contabilidade, resumos bancarios, nóminas...

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Manter actitudes que impliquen un comportamento dinámico e activo.
- ◆ Efectividade para relacionarse e manter unha adecuada comunicación.
- ◆ Capacidade de organización e planificación efectiva do traballo.
- ◆ Actitude atenta ante cambios e requisitos administrativos das distintas axudas e subvencións.
- ◆ Método, orde e responsabilidade no marco das relacións laborais vixentes.

- ◆ Esixencia para o cumprimento de toda a normativa e requisitos para o control e supervisión do aprovisionamento e comercialización dos produtos.
- ◆ Ser consciente da infraestrutura necesaria e da que se posúe para un correcto desenvolvemento da actividade laboral.
- ◆ Seriedade e atención no control de gastos da empresa.
- ◆ Sensibilidade para usar técnicas que abaraten custos.
- ◆ Responsabilidade e seriedade ante a calidade do traballo e da produción.
- ◆ Minuciosidade e atención para realizar previsións.
- ◆ Coordinación cos traballadores para levar a cabo tanto as previsións dos recursos humanos como dos medios, maquinaria e produción.
- ◆ Seriedade e capacidade para inculcar un modo de traballo eficiente (responsabilidade, atención, pulcritude...) e o cumprimento de PRL, medio ambiente e calidade.¹ Resposta eficaz a continxencias.
- ◆ Concentración nas tarefas de xestión administrativa.
- ◆ Autoesixencia no cumprimento das funcións que haxa que desenvolver.
- ◆ Posuír capacidade de mando.

CONTIDOS FORMATIVOS

- **Ocupación**
Xerente forestal(ocupación polivalente)
- **Actividade**
Aproveitamento madeireiro
Caza
Produción de planta

UNIDADE DE COMPETENCIA	3	Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	3.1	Estimar a rendibilidade do aproveitamento.
	3.2	Obter permisos de corta.
	3.3	Planificar e preparar o aproveitamento.
	3.4	Organizar e supervisar as tarefas de corta.
	3.5	Comprobar as medidas e calidades de madeira cortada para que se axusten aos produtos solicitados polo cliente.
	3.6	Organizar e supervisar as tarefas de aproveitamento de restos de saca.

SABER

- ◆ Cubicaxe da madeira.
- ◆ Coñecemento de terreos forestais.
- ◆ Características e calidade das distintas madeiras.
- ◆ Marcación de madeira susceptible de ser cortada.
- ◆ Estructuras viarias do ámbito territorial no que se move.
- ◆ Topografía básica.
- ◆ Cálculo orzamentario.
- ◆ Tipos de aproveitamentos e características destes.
- ◆ Coñecer o tipo de maquinaria necesaria para realizar o aproveitamento.
- ◆ Transporte: adecuación, rendibilidade e custo.
- ◆ Características do mercado actual da madeira.
- ◆ Fitopatoloxías da madeira e a súa influencia na calidade desta.
- ◆ Normativa vixente que regula a actividade de aproveitamento forestal.
- ◆ Elementos etnográficos de interese.

- ◆ Requisitos administrativos para a obtención de permisos de corta.
- ◆ Sancións por incumprimento de normativa.
- ◆ Coñecer os recursos humanos e materiais necesarios para o aproveitamento forestal.
- ◆ Coñecemento de procesos de corta, torado, derramado e descortizado.
- ◆ Coñecer os procesos de amoreamento.
- ◆ Impacto medioambiental.
- ◆ Xestión de residuos.
- ◆ Normas de calidade.
- ◆ Prevención de riscos laborais.
- ◆ Coñecer parámetros que cumpra medir e os seus procesos de medida.
- ◆ Produtos e subprodutos da madeira. Métodos de obtención.
- ◆ Biomasa: características e utilidades.
- ◆ Procesamento da biomasa.
- ◆ Aproveitamento sostible.

SABER FACER

- ◆ Coordinar as distintas actuacións dos traballadores con respecto á corta para garantir un óptimo rendemento do traballo levado a cabo.
- ◆ Estimar o volume de madeira dun determinado terreo.
- ◆ Recoñecer visualmente a capacidade madeirable dun terreo.
- ◆ Comprobar a calidade da madeira.
- ◆ Realizar a compra de madeira.
- ◆ Tomar datos da madeira observada.
- ◆ Realizar cálculos orzamentarios para determinar a rendibilidade dun determinado terreo madeirable.
- ◆ Marcar madeira.
- ◆ Calcular custos de apertura de vías de saca.
- ◆ Calcular demanda e volume madeireiro do mercado.
- ◆ Verificar o cumprimento legal da normativa vixente en materia de aproveitamento da madeira forestal.
- ◆ Respectar os elementos etnográficos do terreo.
- ◆ Estimar ingresos de venda madeireira.
- ◆ Recompilando datos do terreo para realizar a solicitude do permiso de corta.
- ◆ Cumprimentar impresos oficiais e realizar a súa entrega no organismo oficial pertinente.
- ◆ Determinar os recursos humanos e materiais para poder efectuar un determinado aproveitamento de madeira.
- ◆ Axustar as tarefas da explotación ao aproveitamento requirido polo cliente.
- ◆ Respectar o contorno natural do aproveitamento que se efectúe.
- ◆ Organizar e supervisar o rendemento do traballo realizado na corta.
- ◆ Controlar e supervisar a realización da apertura de vías de saca.
- ◆ Vixiar e verificar que os procesos de corta, torado, derramado e descortizado se executan de forma segura e eficaz, respondendo á demanda.
- ◆ Supervisar a carga, descarga e transporte de toradas ao cargadeiro.
- ◆ Vixiar o impacto ambiental que poida producir a actividade de aproveitamento da madeira.
- ◆ Aplicar criterios de calidade.
- ◆ Velar polo cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais.
- ◆ Medir diámetro e lonxitude de pezas cortadas.
- ◆ Axustar as medidas das pezas ao solicitado polo cliente.
- ◆ Indicar as medidas correctoras necesarias para axustar o proceso de corte ao pedido efectuado.
- ◆ Verificar a corrección do envío ao cliente.

- ◆ Dispoñer e supervisar a dispersión de restos de saca ou a súa distribución en cordóns.
- ◆ Organizar e vivir a recollida e o transporte da biomasa.
- ◆ Controlar o procesamento da biomasa: estilado, secado, peneirado e densificación.¹ Comprobar que non se produciron danos colaterais na rede viaria, en elementos etnográficos nin no medio ambiente.
- ◆ Aplicar criterios de aproveitamento sostible.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Axilidade, paciencia e dilixencia nas relacións coa Administración.
- ◆ Rigorosidade e precisión na toma de decisións.
- ◆ Precisión e exactitude nos cálculos.
- ◆ Seriedade e responsabilidade para aplicar os procesos das actividades de aproveitamento da madeira.
- ◆ Manter actitudes que impliquen un comportamento dinámico e activo.
- ◆ Efectividade para relacionarse e manter unha adecuada comunicación.
- ◆ Capacidade de organización e planificación efectiva do traballo.
- ◆ Actitude atenta ante cambios e requisitos administrativos das distintas axudas e subvencións.
- ◆ Método, orde e responsabilidade no marco das relacións laborais viventes.
- ◆ Esixencia para o cumprimento de toda a normativa e requisitos para o control e supervisión do aprovisionamento e comercialización dos produtos.
- ◆ Ser consciente da infraestrutura necesaria e da que se posúe para un correcto desenvolvemento da actividade laboral.
- ◆ Seriedade e atención no control de gastos da empresa.
- ◆ Sensibilidade para usar técnicas que abaraten custos.
- ◆ Sensibilidade co medio ambiente.
- ◆ Rigorosidade para velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- ◆ Capacidade de atención e escoita co equipo de traballo.
- ◆ Adaptabilidade a cada un dos procesos que configuran a explotación forestal.
- ◆ Profesionalidade e compromiso para aplicar criterios de calidade ao proceso produtivo.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Xerente forestal(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro
Caza
Producción de planta

UNIDADE DE COMPETENCIA

4

Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro, así como planificar, dirixir e coordinar os procesos de produción de plantas.

REALIZACIÓN PROFESIONAL

- | | |
|-----|---|
| 4.1 | Analizar a viabilidade que proporciona a localización do viveiro. |
| 4.2 | Supervisar as instalacións do viveiro con respecto á produción de planta. |
| 4.3 | Procurar que o viveiro cumpra dunha forma correcta co seu obxectivo principal. |
| 4.4 | Adaptar a instalación a unha estimación da oferta que o viveiro poida realizar. |

4.5	Almacenar e catalogar os produtos e materiais do viveiro.
4.6	Elixir aqueles cultivos que mellor se adaptan ás características e situación do viveiro.

SABER

- ◆ Coñecer o acondicionamento das instalacións dun viveiro.
- ◆ Posuír o coñecemento dos factores determinantes para a correcta localización dun viveiro.
- ◆ Coñecer a importancia do tamaño, forma e tipo de viveiro.
- ◆ Coñecementos sobre diversos tipos de solos, características...
- ◆ Como determinar a cantidade de produción de plantas en función do tipo de viveiro.
- ◆ Coñecer as innovacións en materia de melloras en viveiros.
- ◆ Ter coñecemento das técnicas, métodos e procesos que se leven a cabo no viveiro para adaptalos ás instalacións.
- ◆ Saber como introducir melloras tanto a nivel de produción como de instalacións.
- ◆ Coñecer fórmulas para reducir gastos.
- ◆ Coñecer as variables que hai que controlar nun viveiro: sistemas de rega, calefacción, solo...
- ◆ Xestión de residuos.
- ◆ Coñecer a normativa de calidade, medio ambiente e PRL.
- ◆ Innovacións, tecnoloxía e modernización.
- ◆ Coñecer as técnicas de rega e certificación.
- ◆ Como programar a produción.
- ◆ Obtención de novas variedades e plantas.
- ◆ Coñecer a lexislación relacionada coa actividade na que se encadra o viveiro (leis, normas reais decretos, ordes...).
- ◆ Orde PRE/1114/2003, do 30 de abril, polo que se modifica o Anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, e 569, do 27 de abril, polo que se establecen os límites de residuos de praguicidas e o seu control nalgúns produtos de orixe vexetal e animal.
- ◆ Ter coñecemento da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, que proporciona un novo marco xurídico para adaptala aos numerosos cambios que afectaron ao ámbito de aplicación e adecuala á configuración do Estado español como Estado autonómico e como Estado membro da Unión Europea.

SABER FACER

- ◆ Determinar a rendibilidade das distintas plantas.
- ◆ Coñecer a normativa: recolección e procedencia de planta e sementes de calidade e sobre o tema fitosanitario.
- ◆ Ha de saber planificar a produción de plantas; para iso manexará criterios técnicos na súa instalación.
- ◆ Analizar as vantaxes dos tipos de viveiros polo seu emprazamento e/ou decidirse por unha das modalidades: centralizados, que son sempre permanentes, ou des-centralizados, que case sempre son temporais.
- ◆ Valorar variables tales como: custo de transporte de plantas, proximidade doutros viveiros e infraestrutura.
- ◆ Controlar a distancia do viveiro ao lugar de plantación.
- ◆ Elixir o tipo de produción.
- ◆ Valorar os medios de distribución.
- ◆ Determinar a dispoñibilidade de auga durante todo o ano: fontes, caudal e calidade.

- ◆ Examinar a protección do viveiro: valorar factores climáticos a nivel de evitar correntes, pouca luz, moitas precipitacións, fortes ventos, temperaturas extremas...
- ◆ Detectar as necesidades do solo en función das especies.
- ◆ Valorar e ter en conta o solo atendendo á súa estrutura, textura, drenaxe, profundidade de abastecemento...
- ◆ Analizar vantaxes e desvantaxes da zona elixida ou na que se atopa o viveiro.
- ◆ Definir o tamaño do viveiro ou valorar o que se ten en función dos programas de reforestación actuais e futuros.
- ◆ Definir a técnica de produción e elección de especies, tempo no viveiro e infraestruturas: valados, camiños, rúas, sistemas de rega, alpendres, almacéns, oficinas, cortinas rompeventos, banco de micorrizas, calefacción...
- ◆ Relacionar e axustar o tamaño coa cantidade de plantas que se van producir.
- ◆ Controlar as plantas mortas, densidade, experiencia e fins das plantas: venda, produción...
- ◆ Adaptar as técnicas de rega e fertilización, en caso de fertirrega, a cada especie ou planta.
- ◆ Elixir sistemas de rega e calefacción que abaraten o proceso e todas aquelas fórmulas que axuden a reducir gastos na explotación.
- ◆ Controlar informaticamente a produción.
- ◆ Tratar co público e co cliente.
- ◆ Observar, analizar e aplicar:
- ◆ Orde PRE/1114/2003, do 30 de abril, polo que se modifica o Anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro e 569, do 27 de abril, polo que se establecen os límites de residuos de praguicidas e o seu control nalgúns produtos de orixe vexetal e animal.
- ◆ Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, que proporciona un novo marco xurídico para adaptala aos numerosos cambios que afectaron ao ámbito de aplicación e adecuala á configuración do Estado español como Estado autonómico e como Estado membro da Unión Europea.
- ◆ Normas ISO 14000.
- ◆ Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, sobre medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da calidade.
- ◆ Normativa ISO 9000 de calidade.
- ◆ Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Método, orde e responsabilidade na planificación e valoración do viveiro.
- ◆ Esixencia para o cumprimento de toda a normativa e requisitos nas instalacións do viveiro.
- ◆ Ser consciente da infraestrutura necesaria e da que se posúe.
- ◆ Seriedade e atención no control de gastos da explotación.
- ◆ Predisposición para atender e buscar outras valoracións e consellos.
- ◆ Sensibilidade para usar técnicas que abaraten custos.
- ◆ Responsabilidade e seriedade ante a calidade do traballo e da produción.
- ◆ Manter actitudes dinámicas e activas.
- ◆ Minuciosidade e atención para realizar previsións.
- ◆ Precisión no estudo do solo.
- ◆ Coordinación cos traballadores do viveiro para levar a cabo tanto as previsións dos recursos humanos como dos medios, maquinaria e produción.
- ◆ Efectividade para relacionarse e manter unha adecuada comunicación.
- ◆ Responsabilidade ante a normativa que haxa que cumprir.

- ♦ Seriedade e capacidade para inculcar un modo de traballo eficiente (responsabilidade, atención, pulcritude...) e o cumprimento de PRL, medio ambiente e calidade.¹ Actitude atenta ante cambios e requisitos administrativos das distintas axudas e subvencións.
- ♦ Comportamento dinámico e activo.
- ♦ Resposta eficaz a continxencias.
- ♦ Capacidade de organización e planificación efectiva do traballo.
- ♦ Concentración nas tarefas de xestión administrativa.
- ♦ Método e orde na realización das tarefas.
- ♦ Control nos gastos da explotación.
- ♦ Autoexigencia no cumprimento das funcións que haxa que desenvolver.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ⇒ **Ocupación**
Xerente forestal(ocupación polivalente)
- ⇒ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro
Caza
Producción de planta

UNIDADE DE COMPETENCIA	5	Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e cantidade de cazadores e o número de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	5.1	Poñer en coñecemento dos potenciais usuarios as características do couto.
	5.2	Informar os usuarios dos dereitos e deberes que lle atinxen durante o desenvolvemento da actividade cinexética.
	5.3	Informar os gardas do couto das circunstancias que lles atinxen aos cazadores con reserva.
	5.4	Establecer os períodos para "media veda", "descastes" e calquera outra modalidade de caza.
	5.5	Xestionar a documentación persoal imprescindible para levar a cabo a actividade de caza no couto: licenzas, permisos, tarxetas de entrada...
	5.6	Verificar que as armas e municións que se van utilizar cumpran cos requisitos esixidos.
	5.7	Elaborar mostraxes rigorosas e rexistrar as pezas abatibles.
	5.8	Realizar un inventario de depredadores e organizar un control selectivo destes para establecer a ratio adecuada entre cazador e pezas que permita un desenvolvemento sostible do couto que se xestiona.
	5.9	Establecer áreas vedadas do couto e detectar circunstancias patóxicas que

poidan perturbar o normal desenvolvemento do couto.

SABER

- ◆ Coñecer a fauna, medio natural, emprazamento, especies cazables, modalidades de caza e condicións económicas.
- ◆ Coñecer o marco da xestión cinexética: Plan Técnico de Caza, actuacións e melloras.
- ◆ Tipos de coutos. Condicións do seu aproveitamento cinexético.
- ◆ Coñecer a lei, a normativa e os requirimentos da Administración en materia de actividade cinexética.

- ◆ Aproveitamento, protección e conservación de hábitats e especies: mellora de poboacións e medios prohibidos.
- ◆ Distribución temporal-espacial do aproveitamento cinexético.
- ◆ Necesidades e planificación para unha boa actividade no couto.
- ◆ Actividades agrogandeiras.
- ◆ Distribución da superficie.
- ◆ Zonas para xestionar nun couto.
- ◆ Terreos con aproveitamento cinexético común e especial.
- ◆ Infraestrutura dun predio.
- ◆ Medidas cinexéticas.
- ◆ Como desenvolver a memoria dun couto.
- ◆ Coñecementos da delimitación exacta do acoutado, sinalización e valado.
- ◆ Situación, emprazamento e delimitación do terreo acoutado.
- ◆ As granxas nun couto: necesidades e mantemento.
- ◆ Funcionalidade dos gardas.
- ◆ Coñecer a poboación, o n.º de pezas que se pode abater, superficie que hai que plantar, n.º de cazadores, n.º de cans por cazador...
- ◆ Coñecemento do manexo de poboacións: repoboacións, soltas, control de danos...
- ◆ Métodos de caza e rendemento: eficacia na captura de pezas.
- ◆ Coñecementos de usuario.
- ◆ Normas que deben rexer un couto.
- ◆ Tarxeta de identificación do cazador.
- ◆ Períodos hábiles de tempada.
- ◆ Instalacións dun couto.
- ◆ Medidas correctoras que se lle poden aplicar a longo e a medio prazo a un couto.
- ◆ Técnicas de comunicación e atención ao público. Habilidades sociais.
- ◆ Planificar reservas.
- ◆ Modalidades de caza para ofertar, características, requisitos e infraestrutura necesaria.
- ◆ Demandas e alternativas para ofertarlles aos usuarios.
- ◆ Coñecer a mecánica e planificación dos campionatos de caza.
- ◆ Permisos e licenzas. Documentos do cazador.
- ◆ Manexo de armas de fogo.
- ◆ Medios auxiliares de caza.
- ◆ Seguros.
- ◆ Transporte.
- ◆ Coñecementos sobre as actividades cinexéticas e a súa xestión sostible.
- ◆ Mostraxes, rexistros...
- ◆ Programar a poboación do couto en función da rendibilidade e da súa conservación.¹
Coñecemento das especies cinexéticas do couto, o seu n.º e mortes.
- ◆ Depredadores, vixilancia e control.
- ◆ Enfermidades e vacinas.

SABER FACER

- ◆ Controlar as reservas formalizadas.
- ◆ Verificar a realización de controles periódicos con respecto ao bo estado de saúde das especies cinexéticas.
- ◆ Planificar estratexias e actuacións.
- ◆ Presentar a documentación do couto.
- ◆ Profesionalizar a súa xestión e facela máis efectiva.
- ◆ Organizar o funcionamento administrativo relacionado coa caza.
- ◆ Planificar obxectivos para o couto.
- ◆ Comunicarlle aos gardas os métodos e técnicas do couto así como todas aquelas innovacións ou cambios que se planifiquen.
- ◆ Calcular o custo do servizo de vixilancia.
- ◆ Adquirir bens e atender as necesidades do acoutado.
- ◆ Realizar o seguimento e control das medidas e boa marcha do couto.
- ◆ Velar polo cumprimento e aplicación das normas.
- ◆ Controlar a capacidade do couto: fauna e poboación, n.º de pezas para cazar, superficie que hai que plantar, n.º de cazadores...
- ◆ Comunicar cos cazadores usuarios do couto.
- ◆ Xestionar a publicidade do couto.
- ◆ Ofertarlles servizos aos clientes.
- ◆ Proporcionar os medios necesarios para que as instalacións do couto estean en perfecto estado para o seu uso.
- ◆ Facilitarlles aos seus subordinados os datos dos usuarios e as normas ou peculiaridades que vaian aplicarse.
- ◆ Coñecer os métodos máis adecuados para xestionar as reservas.
- ◆ Solicitar permisos para descastes, batidas...
- ◆ Establecer superficie para levar a cabo a modalidade elixida, n.º de postos previsibles e de cazadores así como n.º de cans, equipos necesarios, axuda de gardas, armas e munición permitida, n.º de pezas para abater...
- ◆ Cubrir demandas e ofrecer alternativas de calidade xestionando a caza controlada.¹
Programar o calendario de caza para toda a tempada e facilitárllelo aos cazadores.¹
Xestionar permisos e licenzas.
- ◆ Proporcionar tarxetas nominais para acceder ao couto.
- ◆ Dar ordes para que se supervisen armas, municións...
- ◆ Controlar o n.º de pezas por cazador.
- ◆ Dar ordes para levar a cabo mostraxes e rexistros adecuados.
- ◆ Pedir o n.º de pezas abatidas ao persoal de gardería do couto.
- ◆ Realizar un inventario de depredadores.
- ◆ Solicitar permisos para reducir o n.º de depredadores.
- ◆ Supervisar os dispositivos-trampa para cuantificar pezas abatidas.
- ◆ Vixiar e controlar as causas de mortes da caza.
- ◆ Axustar o n.º de cazadores e pezas por cabeza.
- ◆ Pórse en contacto co veterinario, pedirlle consello.
- ◆ Exercer controis xerais e periódicos de todo o terreo acoutado.
- ◆ Rexistrar os procesos de vacinación.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Responsabilidade para asumir danos a persoas, bens e explotacións agrarias por pezas de caza dos seus coutos.
- ◆ Observación seria e atenta para planificar as actividades de xestión no couto.
- ◆ Amabilidade e corrección no trato cos usuarios.
- ◆ Responsabilidade para a xestión sostible do couto.

- ◆ Minuciosidade na organización das tarefas e zonas de aplicación de caza no terreo acoutado.
- ◆ Precisión na información proporcionada.
- ◆ Obxectividade e profesionalidade para axustar as características do couto á oferta efectuada.
- ◆ Autocontrol e paciencia ante continxencias diversas.
- ◆ Seriedade ante a aplicación de criterios de calidade.
- ◆ Proxección de credibilidade e confianza cara aos usuarios.
- ◆ Personalidade dialogante e extravertida para tratar cos cazadores e pórse en contacto con eles.
- ◆ Boa memoria.
- ◆ Ser respectuoso co medio ambiente.

PROGRAMA FORMATIVO

OCUPACIÓN | Xerente forestal

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
1 Xestión de empresas forestais. Lexislación e normativa reguladora forestal.	Ocupacional (todas as UC)	130 Horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☞ Coñecementos legislativos e de xestión.	Todas	Ocupacional
☞ Procesos de supervisión, control e coordinación: produción, servizos e traballo do equipo humano no ámbito forestal.	1.1	Específico
☞ Programación da estratexia da empresa.	1.1, 1.2 e 1.3	Transversal
☞ Normas de prevención de riscos laborais.	1.1, 1.3, 1.4 e 1.5	Transversal
☞ Sensibilización medio ambiental co contorno natural.	1.3, 1.4 e 1.5	Transversal

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
2 Economía da empresa: xestión e organización.	Transversal (UC 1, 3, 4 e 5)	80
MÓDULOS	R P	TIPO
☞ Coñecementos legislativos e de xestión.	Todas	Ocupacional
☞ Calidade na empresa.	1.2 e 1.4	Transversal
☞ Contabilidade e xestión. Programas informáticos.	1.3	Específico
☞ Técnicas de xestión económica empresarial.	1.2, 1.3 e 1.5	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
3 Xestión de recursos humanos.	Transversal (UC 2, 3 e 4)	80
MÓDULOS	R P	TIPO
☞ Técnicas de comunicación e busca de información.	Todas	Ocupacional
☞ Xestión dos recursos humanos na explotación forestal.	2.1 e 2.2	Transversal
☞ Coñecementos básicos dos procesos administrativos.	2.3 e 2.4	Transversal
☞ Comercialización empresarial. Planificación e control da compravenda.	2.4 e 2.5	Transversal

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro e a súa comercialización.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
4 Xestión, planificación e organización do aproveitamento forestal.	Específico	150 horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☞ O aproveitamento forestal.	Todas	Ocupacional
☞ A planificación do aproveitamento sostible.	3.3	Específico
☞ Operacións de corta, saca, carga e transporte.	3.2, 3.4 e 3.6	Transversal
☞ Avaliación das operacións de aproveitamento.	3.1 e 3.3	Transversal
☞ Adquisición e venda da madeira.	3.5	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
5 Deseño, estrutura e manexo dun viveiro.	Específico	100 horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☞ O viveiro e a súa estratexia.	Todas	Ocupacional
☞ Condicións para instalar un viveiro	4.1 e 4.2	Transversal
☞ Planificación e control do viveiro, distribución e cultivos .	4.2 e 4.4	Transversal
☞ Protección dos viveiros e das plantas.		
☞ Sistemas de propagación e mecanización.	4.3 e 4.5	Transversal

UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e cantidade de cazadores e o número de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
6 Planificación e organización do aproveitamento cinexético.	Específico UC 5	120 horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☞ Funcionamento dun couto. A ordenación cinexética. Supervisión e control do Plan Técnico de caza.	Todas	Ocupacional
☞ Atención ao cliente. Potenciación dos servizos: turismo cinexético.	5.1, 5.2, 5.3 e 5.5	Transversal
☞ Rendemento cinexético. Sostemento da actividade cinexética.	5.7 e 5.8	Transversal
☞ Depredadores: a necesidade dun bo control. Xestión dos gardas.	5.3 e 5.8	Transversal
☞ Rexistro e arquivo de información.	5.5	Específico

ITINERARIO FORMATIVO MODULAR

- LENDA**


MÓDULOS
OCUPACIONAIS

MÓDULOS
TRANSVERSAIS

MÓDULOS
ESPECÍFICOS


UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.




UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.




UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro e a súa comercialización.




UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro.



UNIDADE DE COMPETENCIA

- 5 Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e cantidade de cazadores e o número de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.



UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.

MÓDULOS

• **ESPECÍFICOS**

- ☞ Contabilidade e xestión. Programas informáticos.
- ☞ Procesos de supervisión, control e coordinación: produción, servizos e traballo do equipo humano no ámbito forestal.
- ☞ Técnicas de xestión económica empresarial.

• **TRANSVERSAIS**

- ☞ Calidade na empresa.
- ☞ Programación da estratexia da empresa.
- ☞ Normas de prevención de riscos laborais.
- ☞ Sensibilización medioambiental co contorno natural.

• **OCUPACIONAIS**

- ☞ Coñecementos legislativos e de xestión.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.

MÓDULOS• **ESPECÍFICOS**• **TRANSVERSAIS**

- ☞ Coñecementos básicos dos procesos administrativos.
- ☞ Comercialización empresarial. Planificación e control da compravenda.
- ☞ Xestión dos recursos humanos na explotación forestal.

• **OCUPACIONAIS**

- ☞ Técnicas de comunicación e busca de información.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3 Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro e a súa comercialización.

MÓDULOS• **ESPECÍFICOS**

- ☞ A planificación do aproveitamento sostible.
- ☞ Adquisición e venda da madeira.

• **TRANSVERSAIS**

- ☞ Operacións de corta, saca, carga e transporte.
- ☞ Avaliación das operacións de aproveitamento.

• **OCUPACIONAIS**

- ☞ O aproveitamento forestal.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4 Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro.

MÓDULOS• **ESPECÍFICOS**• **TRANSVERSAIS**

- ☞ Condicións para instalar un viveiro.
- ☞ Planificación e control do viveiro. Distribución e cultivos.
- ☞ Protección dos viveiros e de plantas. Sistemas de propagación e mecanización.

• **OCUPACIONAIS**

- ☞ O viveiro e a súa estratexia.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 5 Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e cantidade de cazadores e o n.º de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.

MÓDULOS• **ESPECÍFICOS**

- ☞ Rexistro e arquivo de información.

• **TRANSVERSAIS**

- ☞ Atención ao cliente. Potenciación dos servizos: turismo cinexético.
- ☞ Rendemento cinexético. Sostemento da actividade cinexética.
- ☞ Depredadores: a necesidade dun bo control. Xestión dos gardas.

• **OCUPACIONAIS**

- ☞ Funcionamento dun couto. A ordenación cinexética. Supervisión e control do Plan Técnico de caza.

⇒ OBXECTIVOS MODULARES

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.

MÓDULO FORMATIVO

Coñecementos legislativos e de xestión.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer a lexislación e normativa vixente das actividades forestais para regular e proporcionar pautas estratéxicas que cumpran os requisitos legais e favorezan a xestión da empresa.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer todas as ordes, regulamentos, leis e decretos relacionados coa explotación forestal, a caza e pesca e os viveiros tanto a nivel autonómico como europeo e estatal onde se anuncian subvencións en materia de tecnificación de empresas...	⇒ Coñecendo a lexislación e normativa vixente reguladora do aproveitamento forestal. ⇒ Dominando a materia en temas de subvencións e requisitos legais.
○ Ter nocións básicas dos requisitos legais aos que debe adaptarse á hora de planificar a estratexia da empresa.	⇒ Sabendo as pautas de elaboración da estratexia da empresa.

MÓDULO FORMATIVO

Programación da estratexia da empresa.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as pautas de deseño e elaboración de programacións que permitan desenvolver a actividade da empresa con lóxica e coherencia para establecer a orientación estratéxica comercial.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Deseñar e elaborar programacións das actividades desenvolvidas na empresa considerando para iso a estratexia da empresa.	⇒ Coñecendo o deseño da programación da estratexia da empresa ⇒ Elaborando programacións que se adapten aos medios dispoñibles no centro.
○ Adecuar os obxectivos da empresa aos medios humanos e materiais que ten á súa disposición.	⇒ Valorando o tipo de recursos humanos e materiais da empresa. ⇒ Realizando as pautas de execución de toda a programación.
○ Analizar o contorno económico, xurídico e social da empresa.	⇒ Distinguindo e identificando as distintas formas de responsabilidade e de requisitos legais mínimos englobados no seu marco legal que regula as relacións laborais no sector forestal.
○ Aplicar eficazmente o programa de mantemento e control en todos os procesos que afectan á actividade.	⇒ Estudando a utilización dun sistema de calidade. ⇒ Analizando tempos produtivos e improditivos.

⇒ Determinando o conxunto de actividades realizadas para establecer canles de información para a obtención da calidade total.

MÓDULO FORMATIVO

Normas de prevención de riscos laborais.

OBXECTIVO XERAL

Ter coñecementos sobre a normativa vixente reguladora da prevención de riscos laborais no ámbito laboral forestal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer e analizar o marco normativo básico para a protección do estado físico dos traballadores e das condicións hixiénico-sanitarias das empresas de carácter forestal.	⇒ Analizando os principais factores que provocan enfermidades ou trastornos. ⇒ Aplicando a normativa reguladora das condicións hixiénico-sanitarias e de prevención de riscos.
○ Coñecer os trastornos e enfermidades que con maior frecuencia afectan aos traballadores relacionados coas actividades de explotación madeireira, de produción de plantas e os relacionados coa caza e pesca.	⇒ Mellorando as condicións de traballo, medidas médico-asistenciais. ⇒ Formando por medio de cursos relacionados coa hixiene e a prevención.
○ Implantar un sistema de prevención de riscos laborais.	⇒ Adecuando a actividade empresarial ao marco normativo. ⇒ Valorando o nivel de implantación dos sistemas de prevención de riscos laborais na empresa.

MÓDULO FORMATIVO

Sensibilización medioambiental co contorno natural.

OBXECTIVO XERAL

Sensibilizar ao traballador da necesidade da combinación da realización das súas tarefas co respecto polo medio que o rodea e de todos os seus compoñentes.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer todos os factores que compoñen o medio e a concepción de ecosistema.	⇒ Realizando probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer o funcionamento dos ecosistemas e en particular dos ecosistemas forestais.	⇒ Realizando probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer e saber manexar os catálogos de especies protexidas, vexetais e animais.	⇒ Manexando catálogos e realizando listaxes das especies que poden aparecer por distintas zonas.
○ Coñecer o concepto de xestión sostible do contorno natural.	⇒ Realizando probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

MÓDULO FORMATIVO

Calidade na empresa.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer a normativa e os requisitos de implantación dos Sistemas de Xestión de Calidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Analizar o Sistema Técnico de Calidade.	⇒ Coñecendo o modelo existente sobre Sistemas Técnicos de Calidade. ⇒ Coñecendo as normas ISO 9000 e ISO 9001.
○ Avaliar a viabilidade de implantar este tipo de sistema na empresa.	⇒ Analizando o significado de Garantía de Calidade. ⇒ Implantando un sistema de calidade.
○ Desenvolver un Sistema Técnico de Calidade na empresa.	⇒ Coñecendo o procedemento de xestión requirido para implantar o sistema. ⇒ Analizando as vantaxes xeradas pola implantación do Sistema de Xestión de Calidade.

MÓDULO FORMATIVO

Contabilidade e xestión. Programas informáticos.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer e aplicar sistemas operativos e programas informáticos específicos de contabilidade e xestión dentro do marco forestal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as unidades fundamentais que conforman un equipo informático.	⇒ Identificando as principais aplicacións informáticas utilizadas na empresa.
○ Coñecer programas específicos de contabilidade e xestión.	⇒ Usando programas de ofimática estándar (tratamento de textos, folia de cálculo e bases de datos) aplicados ás situacións máis comúns para as actividades relacionadas coas empresas forestais.
○ Aplicar os programas informáticos no desempeño das súas funcións.	⇒ Creando unha base de datos sobre os aspectos económicos da empresa.

MÓDULO FORMATIVO

Técnicas de xestión económica empresarial.

OBXECTIVO XERAL

Levar a cabo a xestión administrativa interna e externa derivada das relacións económicas que a empresa xera.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer técnicas de cálculo, oferta e determinación de servizos.	⇒ Realizando a emisión de documentos internos ou externos que se deban emitir para cada tipo de servizo prestado ou contratado.
○ Diseñar soportes que recollan datos para manexar e elaborar un historial da actividade e fase produtiva na empresa.	⇒ Confeccionando partes de compravenda. ⇒ Determinando as necesidades de

	material e documentos necesarios para o correcto exercicio da actividade.
○ Controlar e inventariar o material, as dotacións, o equipamento e os medios, así como os documentos propios.	⇒ Formalizando diariamente os rexistros de control das emisións e o inventario permanente dos documentos e levando a cabo un seguimento e control de todo o equipo e materiais da empresa.

MÓDULO FORMATIVO

Procesos de supervisión, control e coordinación: produción, servizos e traballo do equipo humano no ámbito forestal.

OBXECTIVO XERAL

Adquirir coñecementos sobre técnicas de supervisión e control da realización das funcións asignadas a cada traballador do equipo humano de modo que se poida levar a cabo un seguimento de cada unha das actividades desempeñadas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Verificar que no equipo humano e tamén a nivel empresarial se cumpre a normativa vixente.	⇒ Valorando a adaptación da empresa e os seus traballadores á normativa vixente.
○ Coñecer técnicas de supervisión e control da actividades desenvolvidas na empresa.	⇒ Seguindo e supervisando cada un dos procesos da cadea produtiva. ⇒ Controlando, ao longo do proceso produtivo, o mantemento de materias e produtos necesarios en función da estratexia establecida.
○ Analizar cales son as competencias, funcións e tarefas de cada un dos traballadores.	⇒ Realizando informes nos que se contemplan aspectos como o comportamento e a actitude de cada un dos traballadores.
○ Coñecer cada unha das competencias, funcións e tarefas desempeñadas por cada membro do equipo.	⇒ Coordinando as actividades realizadas por cada traballador.
○ Coñecer técnicas de control e seguimento das actividades.	⇒ Aplicando as pautas comportamentais que rexen a convivencia dentro da empresa. ⇒ Fomentando a interacción e comunicación entre os traballadores. ⇒ Seguindo e verificando cada un dos procesos xerados na empresa.
○ Verificar que todo o persoal da empresa cumpre a normativa da empresa.	⇒ Redactando informes valorativos da actuación de cada un dos membros do equipo humano.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Dirixir e organizar os recursos humanos, materiais e medios da empresa, a súa mellora e mantemento.

MÓDULO FORMATIVO

Técnicas de comunicación e busca de información.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer diferentes vías de información así como aquelas técnicas que propicien e favorezan a comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Empregar as novas tecnoloxías (internet) como fonte documental e de consulta.	⇒ Utilizando internet como fonte documental. ⇒ Enviando correo electrónico. ⇒ Empregando recursos audiovisuais.
○ Coñecer as etapas do proceso de comunicación.	⇒ Coñecendo o proceso de comunicación.
○ Avaliar a utilidade de cada unha das técnicas de comunicación.	⇒ Aplicando argumentacións razoadas e convincentes. ⇒ Desenvolvendo técnicas de comunicación e negociación adecuadas.

MÓDULO FORMATIVO

Xestión dos recursos humanos na explotación forestal.

OBXECTIVO XERAL

Realizar a coordinación do equipo humano ao seu cargo dentro do marco xurídico no que se desenvolve a actividade de explotación madeireira aplicando procesos e técnicas adaptadas a tal fin.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Dirixir e organizar os recursos humanos da empresa.	⇒ Planificando o funcionamento e as tarefas que se van desenvolver.
○ Aplicar a xestión ao marco laboral do sector.	⇒ Axustándoa ás necesidades previstas e á política de recursos humanos establecidos.
○ Negociar cos traballadores.	⇒ Establecendo acordos específicos.
○ Cumprir coa normativa e os acordos pactados.	⇒ Aplicando a normativa vixente e adaptándoa ás condicións de traballos.
○ Garantir o adecuado funcionamento da empresa.	⇒ Distribuindo tarefas e coordinando a súa execución. ⇒ Avaliando os postos de traballo, a rotación e especialización de cada un deles.
○ Controlar o equipo humano.	⇒ Reorganizando tarefas en función de criterios de prioridade. ⇒ Vixiando o cumprimento laboral. ⇒ Corrixindo prácticas e actitudes inadecuadas.

MÓDULO FORMATIVO

Coñecementos básicos dos procesos administrativos.

OBXECTIVO XERAL

Ter coñecementos básicos dos procesos administrativos básicos para a xestión óptima da empresa.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar os trámites, documentos e prazos das obrigacións e procesos legais de rexistro da contratación relativos á xestión de persoal.	⇒ Tendo coñecementos de contabilidade, informática, facturación, xestión do correo, etc. ⇒ Analizando conceptos salariais básicos.
○ Cumprir a normativa vixente reguladora do rexistro de contratacións.	⇒ Adecuándose á normativa vixente. ⇒ Tramitando documentos oficiais conforme ao establecido por lei.
○ Aplicar os procesos administrativos xerados en relación á Seguridade Social.	⇒ Realizando documentos internos ou externos que se deben emitir para cada tipo de servizo. ⇒ Cumprimentando documentos aplicando as técnicas correspondentes a cada caso e utilizando os medios destinados a tal efecto: inscrición na SS, altas e baixas de traballadores, declaración-liquidación das achegas da empresa e traballadores á SS.

MÓDULO FORMATIVO

Comercialización empresarial. Planificación e control da compravenda.

OBXECTIVO XERAL

Ofrecer criterios e orientacións xerais para a utilización e adecuación das técnicas de venda básicas para captar a atención e espertar o interese en función do tipo de cliente e os produtos/servizos ofertados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a orde que recolle o tema de subvencións relacionadas coas empresas das actividades relacionadas co xerente forestal (explotación madeireira, produción de plantas e aproveitamento cinxético e piscícola).	⇒ Coñecendo a lexislación e normativa vixente reguladora para o aproveitamento forestal. ⇒ Dominando a materia en temas de subvencións e requisitos legais.
○ Ter nocións básicas dos requisitos legais aos que debe adaptarse á hora de planificar a estratexia da empresa.	⇒ Tendo coñecementos básicos sobre as pautas que se deben seguir na elaboración da estratexia da empresa.
○ Supervisar as relacións coa clientela.	⇒ Aplicando técnicas de comunicación contextualizadas en cada momento. ⇒ Coñecendo as fases básicas do proceso de comunicación.
○ Efectuar a preparación da compravenda.	⇒ Coñecendo as técnicas de <i>merchandising</i> e animación de venda.

- Aplicar técnicas de vendas oportunas en función das necesidades.
 - ⇒ Detectando correctamente as necesidades e comportamentos do cliente.

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Dirixir e organizar o aproveitamento madeireiro e a súa comercialización.

MÓDULO FORMATIVO

O aproveitamento forestal.

OBXECTIVO XERAL

Realizar o aproveitamento madeireiro conforme a unha práctica de explotación sostible utilizando para iso os métodos da forma máis eficaz posible.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ○ Conseguir a explotación sostible do monte. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Utilizando toda a lexislación en uso. ⇒ Conseguindo un plan estratéxico de aproveitamento. ⇒ Respectando o funcionamento do ecosistema.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Valorar economicamente o monte. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Coñecendo a ordenación de montes e os seus principios fundamentais.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Utilizar ou crear infraestruturas de forma que faciliten as tarefas de aproveitamento produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Valorando o deseño e trazado de camiños e/ou estradas forestais ou creando unhas novas. ⇒ Reducindo a erosión do chan con boas prácticas tanto no transporte como nos restos que poidan bascularse. ⇒ Incidindo sobre a produtividade.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Ser eficaz á hora de dirixir , organizar e supervisar axeitadamente as tarefas encamiñadas ao aproveitamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Reuníndose cos traballadores ou encargados para controlar a situación. ⇒ Ordenando a situación e indicando con claridade as directrices que se deben seguir. ⇒ Controlando e verificando equipos e procesos.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Conseguir realizalo de forma coordinada e co menor impacto posible. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Garantindo seguridade. ⇒ Evitando danos á madeira, contorno e rede viaria. ⇒ Supervisando e controlando a carga e o transporte. ⇒ Distribuindo en cordóns separados os restos de saca. ⇒ Vixiando a recollida da biomasa e transportándoa ao cargadeiro. ⇒ Supervisando calidades.

MÓDULO FORMATIVO

A planificación do aproveitamento sostible.

OBXECTIVO XERAL

Dirixir e organizar os medios, materiais e procesos para efectuar o aproveitamento madeireiro dun terreo forestal evitando na medida do posible calquera interacción que dane o contorno.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Controlar os procesos que vaian realizarse.	⇒ Executándoos de forma planificada. ⇒ Valorando cada unha das operacións e o modo de levalas a cabo.
○ Encamiñar a produtividade a un aumento da rendibilidade e da calidade.	⇒ Utilizando os métodos máis adecuados para iso. ⇒ Minimizando o impacto ambiental
○ Controlar os accesos que vaian utilizarse.	⇒ Tendo en conta a situación e a distancia aos accesos da madeira para realizar as operacións de corte, carga e transporte posterior.
○ Coordinar as tarefas e o equipo de traballo.	⇒ Controlando os medios e traballadores que necesita en cada caso.
○ Estimar o custo das operacións.	⇒ Elaborando todo o proceso por pasos e levando a cabo unha previsión económica.
○ Observar o terreo coa intención de localizar puntos de carga.	⇒ Establecendo o sistema de transporte.
○ Prever a realización da corta adecuada dando a coñecer os requisitos e métodos de traballo.	⇒ Alcanzando un bo nivel de calidade e aplicando a corta a aquelas árbores sinaladas.

MÓDULO FORMATIVO

Operacións de corta, saca, carga e transporte.

OBXECTIVO XERAL

Realizar a corta coa máxima seguridade e coa maior rendibilidade reducindo ao mínimo os danos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Realizar as operacións adecuadamente.	⇒ Utilizando as ferramentas con seguridade, coidado e precisión.
○ Supervisar o equipamento.	⇒ Controlando o seu n.º, a súa distribución e o seu estado.
○ Facilitarlle as actividades que se inclúen neste proceso á cuadrilla.	⇒ Tendo planificadas e coordinadas as tarefas. ⇒ Elixindo o método e modo que se vai aplicar.
○ Conseguir unha produtividade maior no proceso de saca.	⇒ Minimizando danos ás árbores.

○ Trasladar ao cargadeiro as toradas.	⇒ Evitando accidentes e deterioracións que minúen a calidade da madeira.
○ Facer o transporte nas condicións máis óptimas.	⇒ Conseguindo que non sufra nin perdan valor as toradas. ⇒ Evitando danos nas pistas e custos altos.

MÓDULO FORMATIVO

Avaliación das operacións de aproveitamento.

OBXECTIVO XERAL

Valorar o funcionamento das medidas, métodos e medios utilizados nas operacións de explotación madeireira.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Aceptar como válidas ou non as técnicas aplicadas.	⇒ Comprobando as repercusións que tiveron a nivel de eficacia e respecto medio ambiental.
○ Comprobar o impacto e o grao de deterioración que se produciu.	⇒ Observando o estado de pistas despois do transporte e en que condicións quedou o terreo.
○ Cuantificar o dano que se produciu na madeira.	⇒ Valorando e rexistrando as perdas.
○ Confirmar as boas prácticas na realización das operacións	⇒ Establecendo se se seguiu o plan de aproveitamento.
○ Analizar as vendas.	⇒ Comparándoas coas previsións e cos exercicios anteriores.
○ Analizar desviacións e as súas causas.	⇒ Controlando a evolución dos custos e as marxes de distintos produtos/liñas de produción.

MÓDULO FORMATIVO

Adquisición e venda da madeira.

OBXECTIVO XERAL

Realizar as operacións oportunas para levar a cabo o proceso de comercialización en función dun rendemento produtivo axustado ás previsións.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Estimar a rendibilidade do aproveitamento.	⇒ Visitando os terreos forestais. ⇒ Valorando a calidade da madeira.
○ Calcular o custo do proceso do traslado.	⇒ Calculando a distancia desde o cargadeiro ata o cliente e así determinar o transporte. ⇒ Comprobando a densidade e o estado da rede. ⇒ Determinando o grao de dificultade.
○ Contactar cos provedores e/ou clientes.	⇒ Utilizando a listaxe e a información recollida con anterioridade. ⇒ Informándose das condicións do mercado actual.

<ul style="list-style-type: none"> ○ Comprar madeira a particulares ou á Administración pública. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Poñéndose en contacto co propietario. ⇒ Realizando unha oferta inicial. ⇒ Negociando. ⇒ Asistindo a poxas.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Liquidar a compra e efectuar o cálculo de beneficios. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Obtendo os pesos para calcular a media estimada de gastos por tonelada de madeira. ⇒ Obtendo os gastos finais: compra, saca e transporte. ⇒ Restando o prezo final.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Efectuar adecuadamente e de forma eficaz o pago da madeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Establecendo a negociación co propietario. ⇒ Cumprimentando primeiro un recibo de entrega pola cantidade pactada. ⇒ Realizando o pago en efectivo ou por medio dun talón segundo o acordado.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4 Valorar e controlar a instalación e as características do emprazamento do viveiro.

MÓDULO FORMATIVO

O viveiro e a súa estratexia.

OBXECTIVO XERAL

Levar a cabo un plan que englobe o desenvolvemento de cada un dos procesos realizados para a produción de plantas en cada unha das fases dun viveiro.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ○ Planificar a economía e a técnica do viveiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Adaptando o seu desenvolvemento económico e comercialización ás características do viveiro. ⇒ Aumentando a produtividade e o bo funcionamento. ⇒ Priorizando necesidades financeiras. ⇒ Decidindo e xestionando a compra ou arrendamentos. ⇒ Sopesando investimentos e elaborando plans.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Planificar e controlar a compravenda dos produtos. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Valorando, seleccionando e solicitando axudas e subvencións. ⇒ Ampliando a súa distribución. ⇒ Estudando as tendencias do mercado.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Ter coñecemento da lexislación que se aplica ás actividades desenvolvidas nos procesos do viveiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Relacionando cada unha das actividades coas leis, normas, reais decretos e ordes correspondentes.

○ Determinar e aumentar a rendibilidade das plantas no viveiro.	⇒ Afrontando os procesos necesarios de modernización, melloras, nova maquinaria, etc. ⇒ Asentando idoneamente as plantas.
○ Determinar as especies e condicións de cultivo.	⇒ Coñecendo o seu manexo e as técnicas e materiais de produción.
○ Aplicar os métodos e técnicas máis idóneos.	⇒ Fixando as formas de rega, ventilación, calefacción, un plan de acción contra residuos, a protección, avaliando riscos, instalacións e equipamento... ⇒ Desenvolvendo programas de mellora de custos, aforro de tempo, redución de perdas, aumento de vendas, racionalización de gastos...

MÓDULO FORMATIVO

Condicións para instalar un viveiro.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as necesidades e os medios necesarios para emprazar e compoñer un viveiro e así facilitar o traballo que se vai desenvolver nel coa finalidade de obter a mellor calidade posible de plantas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as condicións para as instalacións dun viveiro.	⇒ Valorando o contexto e os medios que proporciona o asentamento (vantaxes e limitacións).
○ Coñecer as características idóneas que deben terse en conta para determinar o emprazamento.	⇒ Valorando todos os criterios relacionados coas necesidades que comportan as fases de produción e sen perder de vista o obxectivo principal do viveiro.
○ Chegar a coñecer como interveñen os distintos factores que compoñen o desenvolvemento dun viveiro.	⇒ Seguindo os criterios das técnicas de produción (cantidade de plantas). ⇒ Tendo en conta: clima, chan, orientación do terreo...
○ Ter en conta o deseño, manexo e estrutura do viveiro.	⇒ Planificando, instalando e manexando criterios técnicos destinados á produción e crianza de plantas para garantir plantas de calidade.

MÓDULO FORMATIVO

Planificación e control do viveiro. Distribución e cultivos.

OBXECTIVO XERAL

Proporcionar, adaptar e asegurar as mellores condicións da instalación, medios e equipamento do viveiro á oferta que se estime realizar optimizando e encamiñando para iso todos os seus recursos coa finalidade de proporcionar unha produción de plantas que destaquen pola súa saúde e pola súa calidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Poder axustar o viveiro ao seu obxectivo principal de produción/calidade.	⇒ Supervisando a produción en todas as súas fases (sementeira...).
○ Saber organizar as actividades.	⇒ Proporcionando, asegurando e controlando unhas boas condicións de traballo.
○ Chegar a conseguir unha produción que atenda uns óptimos beneficios.	⇒ Planificando a elección de plantas, métodos, técnicas...
○ Coordinar e axilizar os procesos.	⇒ Contando cos materiais e medios necesarios. ⇒ Organizando a cadea de traballo.
○ Chegar a controlar os produtos e materiais do viveiro.	⇒ Comprobando as distintas áreas do viveiro e o seu cumprimento coa PRL. ⇒ Vixiando a almacenaxe e o seu manexo. ⇒ Catalogando os produtos e materiais.
○ Poder elixir aquelas plantas que mellor se adapten ás características e situación do viveiro.	⇒ Planificando o cultivo de plantas por especies e condicións. ⇒ Controlando as medidas morfolóxicas e fisiolóxicas de desenvolvemento e nutrientes. ⇒ Seleccionando tecnoloxías. ⇒ Establecendo parámetros e técnicas.
○ Dar a coñecer como organizar e supervisar recursos e medios.	⇒ Realizando revisións periódicas. ⇒ Comprobando que son suficientes. ⇒ Estudando melloras. ⇒ Seleccionando e acomodando tarefas e persoal. ⇒ Verificando rendementos.
○ Saber manexar adecuadamente a fertilización e a rega.	⇒ Manipulando e almacenando seguindo un código de boas prácticas. ⇒ Etiquetándoos e evitando risco de contaminación...

MÓDULO FORMATIVO

Proteccións dos viveiros e das plantas. Sistemas de propagación e mecanización.

OBXECTIVO XERAL

Coidar e manter de forma axeitada o viveiro xestionando a produción da forma máis eficaz.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Saber aplicar as distintas proteccións na produción de plantas nos viveiros.	⇒ Coñecendo as prestacións dos acolchados, túneles e invernadoiros: control climático.

○ Chegar a utilizar a propagación e a mecanización.	⇒ Coñecendo e aplicando os sistemas para iso.
○ Aplicar os elementos básicos da protección de plantas.	⇒ Aplicando técnicas de manexo integrado de pragas.
○ Poder utilizar produtos fitosanitarios na protección de cultivos.	⇒ Elixíndoos, aplicándoos e adecuándoos para o control requirido. ⇒ Empregando a listaxe dos rexistrados (autorizados). ⇒ Facendo rexistros de aplicación. ⇒ Seguindo os prazos de seguridade. ⇒ Xestionando os excedentes.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 5 Xestionar o desenvolvemento do Plan Técnico de Aproveitamento Cinexético, as reservas e cantidade de cazadores e o n.º de pezas abatibles e abatidas para o aproveitamento sostible do couto.

MÓDULO FORMATIVO

Funcionamento dun couto. A ordenación cinexética. Supervisión e control do Plan Técnico de Caza.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as características dun terreo cinexético para poder realizar a xestión do aproveitamento conforme ao estipulado no Plan Técnico de Caza.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a lei e o regulamento de caza.	⇒ Analizando as normativas das CC.AA. ⇒ Consultando a lexislación oportuna para cada un dos compoñentes e actividades da caza (armas dereitos, licenzas...).
○ Coñecer o aproveitamento cinexético.	⇒ Atendendo á súa clasificación, réxime, medidas protectoras...
○ Ter constancia de que se compón un Plan Técnico de Caza.	⇒ Analizando, controlando e respectando as súas implicacións.
○ Coordinar adecuadamente a vixilancia do aproveitamento cinexético en función do plan.	⇒ Dirixindo, xestionando e levando a cabo o seguimento do terreo e dos gardas. ⇒ Cumprindo as medidas protectoras.
○ Elixir as especies obxecto de caza.	⇒ Garantindo a súa conservación e fomento.
○ Coñecer os diferentes coutos de caza.	⇒ Diferenciando as súas prestacións e as súas finalidades.

MÓDULO FORMATIVO

Atención ao cliente. Potenciación dos servizos: turismo cinexético.

OBXECTIVO XERAL

Posuír os recursos e habilidades necesarios para establecer unha boa comunicación e desenvolver actividades complementarias dentro da actividade cinexética.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Chegar a establecer unha boa comunicación.	⇒ Adquirindo noicións sobre os elementos técnicos, estratexias, normas... que interveñen nun proceso de comunicación. ⇒ Adquirindo habilidades para dominar as barreiras na comunicación. ⇒ Coñecendo e aplicando plans de mellora da calidade na atención a usuarios.
○ Desenvolver outras alternativas económicas complementarias á caza.	⇒ Ofertándolles aos usuarios da actividade cinexética outras posibilidades e tipos de actividades. ⇒ Poñendo os recursos para iso. ⇒ Realizando investimentos.
○ Crear unha rede de emprego indirecto.	⇒ Traballadores relacionados con: montañismo, sendeirismo, cabalos... ⇒ Proporcionando aloxamentos...
○ Coñecer os procesos para xestionar turisticamente as actividades.	⇒ Potenciando o turismo cultural, o ecoturismo, eventos...

MÓDULO FORMATIVO

Rendemento cinexético. Sostemento da actividade cinexética.

OBXECTIVO XERAL

Crear as condicións óptimas para controlar e procurar un aproveitamento sostible adecuado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Procurar a protección e conservación de hábitats e especies cinexéticas.	⇒ Vixiando o estado sanitario e ecolóxico das especies e os seus hábitats. ⇒ Establecendo prioridades dentro da reserva de caza.
○ Planificar e ordenar a caza.	⇒ Analizando as repercusións e establecendo propostas.
○ Controlar o ámbito que rodea a actividade cinexética.	⇒ Establecendo zonas que se van plantar, granxas, soltas, repoboacións...
○ Mellorar as condicións de cría.	⇒ Controlando as capturas.

MÓDULO FORMATIVO

Depredadores: a necesidade dun bo control. Xestión dos gardas.

OBXECTIVO XERAL

Manter a densidade da poboación cinexética na súa xusta medida e coordinar a vixilancia, protección e tarefas propias do terreo cinexético.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Levar a cabo un control no n.º de especies.	⇒ Realizando descastes, batidas... ⇒ Estimando as mortes por depredadores.
○ Coñecer as especies predadoras.	⇒ Estudando o control e os límites adecuados para pórllle remedio inmediato.
○ Seleccionar os métodos para o control de predadores.	⇒ Coñecendo o seu funcionamento e as diferenzas de cada un deles (os selectivos, non selectivos e alternativos).
○ Aumentar a diferenza entre depredadores.	⇒ Utilizando sinais para evitar o seu asentamento.
○ Organizar as tarefas do garda e do peón .	⇒ Distribuindo o traballo de cada un. ⇒ Informándoos de todas as prestacións do couto. ⇒ Seguindo o seu traballo.

MÓDULO FORMATIVO

Rexistro e arquivo de información.

OBXECTIVO XERAL

Adquirir os coñecementos necesarios para desenvolver os procesos de rexistro e arquivo da información xerada pola actividade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Aplicar técnicas de elaboración documental e transmisión de documentación escrita.	⇒ Enumerando e diferenciando entre si os distintos tipos de documentos manexados na actividade. ⇒ Cumprimentando correctamente os distintos documentos. ⇒ Efectuando a transmisión da documentación escrita.
○ Clasificar, rexistrar e arquivar a distinta información xerada pola actividade.	⇒ Efectuando a correcta clasificación, rexistro e arquivo de diferentes tipos de informacións e documentos.

6.3.2. OPERADOR DE TRANSMISIÓN E VIXILANCIA

CONTIDOS FORMATIVOS

➤ Ocupación

Operador de transmisión e vixilancia(ocupación polivalente)

➤ Actividade

Defensa contra incendios

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.
	1.2	Manter os equipos ofimáticos.
	1.3	Realizar o mantemento da caseta ou torre.